



**Nº Expediente:** 2016/C005/000003

**Asunto:** Contratación de DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA

**MESA DE CONTRATACIÓN (1)**

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN **ADMINISTRATIVA** (SOBRES A), E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B (REFERENCIAS TÉCNICAS) DO SEGUINTE CONTRATO :

**Obra/Subministro:** DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA

**Importe de licitación:** 43.500,59 € IVE incluído (Prezo sen IVE 35.950,90 €)

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Asiste D. Agustín Martínez Docanto, en substitución de D. Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal, en ausencia deste.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:30 horas do martes 25 de abril de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA", as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓXICOS, S.L.	20/04/17	2086	Sobres A, B e C
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	21/04/17	2094	Sobres A, B e C

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:



- A documentación presentada por todas as empresas licitadoras é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres “B” (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación, resultando que:

- A documentación presentada pola empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. é correcta.
- A documentación presentada pola empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. está incompleta: non presenta a documentación técnica en formato dixital con sinatura electrónica, tal como se establece no Prego de cláusulas administrativas (cláusula 10.2).

A Mesa acorda:

- 1.- Requerir á empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. para que no prazo máximo de **3 días naturais** presente a documentación técnica en formato dixital, en PDF ou outro formato de libre lectura, con sinatura electrónica, tal como se establece no Prego de cláusulas administrativas (cláusula 10.2).
- 2.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres “B”, unha vez que se reciba a documentación que se requirirá á empresa citada no parágrafo anterior.
- 3.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres “C”.
- 4.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:45 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.